



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE VILALBA PARA A MELLORA DA TRAVESÍA DA ANTIGA LU-126

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Agustín Baamonde Díaz, na súa condición de alcalde do Concello de Vilalba, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Segundo. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas garantir a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Terceiro. O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

Cuarto. Mediante o "Decreto 5/2010, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o cambio de titularidade das estradas LU-118 Vilalba (rúa Pravia)-Vilalba en toda a súa lonxitude, LU-119 Vilalba (N-634)-Vilalba (LU-126) en toda a súa lonxitude e LU-126 Vilalba (LU-119)-Vilalba (N-634) en toda a súa lonxitude, a favor do Concello de Vilalba", cambiouse a titularidade da antiga LU-126, pertencente á Rede Autonómica de Estradas, a favor do Concello de Vilalba (Lugo), pasando a denominarse "Avenida da Terra Chá".





Trátase dunha travesía, situada en zona urbana, que comunica o centro de Vilalba coa LU-120 (saída cara a Meira), con beirarrúas en ambas as dúas marxes, calzada de 7 m de ancho, e aparcadoiros a ambos os dous lados.

Quinto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Vilalba, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

A actuación obxecto deste convenio pretende garantir a seguridade viaria para os distintos usuarios do viario actual de Vilalba e comparte os obxectivos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016 – 2020. Esta travesía presenta na actualidade unha serie de danos susceptibles de mellora, aos cales preténdeselles dar solución neste Proxecto, que son:

- Un estado de esgotamento de firme, con presenza de gran número de roturas en malla e irregularidade superficial en toda a sección transversal, o que ademais de incómodo para a circulación implica risco para peóns e vehículos xa que en caso de manobras inesperadas non se pode agardar que o firme responda adecuadamente para asegurar o control do vehículo.
- Mal estado do pavimento de beirarrúas e bordos, con afundimentos ou deformacións en pavimento, roturas en bordos e insuficiente altura deste para poder funcionar como separación física entre o tráfico rodado e o peonil. Isto é comprometido para a seguridade dos peóns, e para a accesibilidade, ao poder os vehículos remontar a beirarrúa en tránsito e para aparcar.
- Filtracións de augas residuais do colector de saneamento cara a garaxes e vivendas anexas, entre a rúa Mondoñedo (P.K. 0 +700) e o final da travesía (P.K. 1 +055), na marxe dereita, o cal agrava aínda máis o estado do firme e das beirarrúas, e debe ser corrixido.

As obras obxecto do convenio darán solución a estas problemáticas, non solucionadas no seu día cando se cambiou a titularidade deste treito da antiga LU-126. A renovación do firme existente, que se encontra esgotado estruturalmente, realizarase mediante un reforzo deste, que incremente a súa capacidade portante e durabilidade, mellore a adherencia pneumático-pavimento e mellore a comodidade na rodadura. A renovación do pavimento das beirarrúas realizarase mantendo fixa a cota da aresta do fondo de beirarrúa, e a partir dela nivelarase onde presente afundimentos ou irregularidades, cunha pendente transversal constante cara ao bordo.

Incrementarase a altura do bordo en certos tramos onde é insuficiente, a unha altura mínima de 10 cm, que sirva de separación física entre os vehículos rodados e os peóns. E mellorar a drenaxe da infraestrutura, tanto o sistema de evacuación da escorrenta da plataforma, como a capacidade de desaugadoiro do colector de saneamento da marxe dereita da travesía, entre a rúa Mondoñedo (P.K. 0 +700) e o final da travesía (P.K. 1+055). A consideración de complementariedade da actuación cos fins da propia Axencia Galega de Infraestruturas en canto a accesibilidade e seguridade viaria, concorrente cos obxectivos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Vilalba ao abeiro do





disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Vilalba para a mellora da travesía da antiga LU-126.

As actuacións proxectadas supoñerán tanto unha mellora do nivel de servizo da infraestrutura, coma unha mellora da seguridade viaria, pola mellora das prestacións do firme e a dotación de caces e bordos de maior altura que funcionen de separación física entre tráfico rodado e peatonal. resúmense no seguinte:

- Demolición e/ou levantamento de baldosas de beirarrúas e bordos e substitución por outros novos.
- Colocación de canle-cuneta de bordo e canle central (entre calzada e aparcadoiro).
- Renovación de colector de saneamento existente entre a rúa Mondoñedo e o final da travesía, por outro de PVC de maior diámetro (Diámetro nominal 630 mm), que teña suficiente capacidade hidráulica para o caudal de deseño que indica a normativa vixente.
- Fresado e estendido de mesturas bituminosas en quente en calzada

O orzamento de execución das actuacións estímase en **SEISCENTOS CINCUENTA MIL CENTO OITENTA E OITO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (650.188,04€), IVE incluído.**

SEGUNDA.- REQUISITOS





De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Vilalba cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello de Vilalba obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (aprobación do proxecto necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas).
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestructuras. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
4. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
5. Comunicar á Axencia Galega de Infraestructuras, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestructuras a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
7. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestructuras e Mobilidade-Axencia Galega de Infraestructuras) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, asume o compromiso de financiar os gastos de execución das obras, destinando para iso ata un máximo de SEISCENTOS CINCUENTA MIL CENTO OITENTA E OITO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (650.188,04€), IVE incluído, con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 2019-00001, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestructuras do ano 2019.





Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente no 2019.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Vilalba xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.





- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante o ano 2019. En ningún caso serán subvencionables o custo da reposición dos servizos afectados que non estean contemplados no orzamento base de licitación do proxecto nin o da obtención de autorizacións e dos terreos privados afectados pola execución das obras.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 30 de novembro de 2019.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Vilalba, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Vilalba.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo aos seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.





OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
infraestructuras.cim@xunta.gal



UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega
de Infraestructuras

O alcalde do Concello
de Vilalba

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Agustín Baamonde Díaz



Xacobeo 2021